

**BASES DE SELECCIÓN PARA A CUADRILLA DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN OFICIAL E DOUS PEÓNS (SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN DE A CORUÑA, EXP. 2015000002264)**

**Primeira.- Obxecto da convocatoria:** A selección de 1 albanel oficial de 2ª e 2 peóns.

**Segunda.- Tipo e duración do contrato:** contrato laboral temporal de obra ou servizo determinado de interese social. A duración do contrato será de 3 meses (xornada semanal de 25 horas) e coas retribucións segundo convenio.

**Terceira.- Requisitos xerais dos aspirantes:** Os aspirantes deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento dos traballos.
- d) Non estar separado nin inhabilitado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario.
- e) Non incorrer en ningunha das causas de incompatibilidade que determine a lexislación vixente

**Cuarta.- Selección dos traballadores.-** Realizaráse polo Concello de entre os que figuren no listado de candidatos preseleccionados polo Servizo Público de emprego de Galicia enviado ó Concello, previa presentación da oferta de emprego na oficina de emprego, tal como se recolle no punto 7 da Resolución de aprobación das bases do programa de financiamento das cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais da Deputación da Coruña.

**Quinta.- Documentación a presentar.-** Os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Documentación acreditativa dos méritos alegados, e que se sinalan na cláusula sexta destas bases. No caso de presentar fotocopias, deberán de ser compulsadas.

**Quinta.- Comisión avaliadora:** Estará integrada por:

Presidente: Arquitecto Municipal

Secretario: o do Concello.

Vogal: Técnico local de emprego

**Sexta.- Sistema de selección :** Será o concurso de méritos e una entrevista persoal.

## CONCURSO DE MÉRITOS (ata un máximo de 6 puntos)

A) Experiencia profesional: máximo 4 puntos. Valoraranse a experiencia en postos de igual ou maior categoría que a ofertada con suxeición ó seguinte esquema de puntos:

- Por cada mes completo en traballos relacionados có posto a desempeñar: 0,1 puntos.
- Non se valorarán os traballos inferiores a un mes.

A prestación dos servizos deberanse acreditar coa copia cotexada dos contratos ou informe da vida laboral.

B) Carnet de conducir clase B: 2 puntos. Deberá presentar copia cotexada do mesmo.

ENTREVISTA PERSOAL: valorarase ata un máximo de 4 puntos.

**No caso de empate serán de aplicación os seguintes criterios, por orde de numeración:**

- Persoas paradas de longa duración.
- Persoas desempregadas que non teñan ningún tipo de ingreso.
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- Que teñan ó seu cargo cargo ó conxuxe ou fillos menores de 26 anos ou maiores con discapacidade.

### **Sétima.- Formalización do contrato.**

Rematado o proceso de valoración a comisión propondrá á Alcaldía as persoas seleccionadas, quen efectuará o correspondente nomeamento e asinará o correspondente contrato.

### **Oitava.- Lista de reserva**

Ó remate do proceso selectivo farase unha relación de persoas, en orde decrecente de puntuación. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respetando a orde da lista) para cubrir prazas similares ou situación de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal.